

EIXE 2 | A Recuperación como meta

ABORDAXE DOS TRASTORNOS DA PERSONALIDADE

Entidade executante

Asociación galega para a asistencia e investigación dos trastornos da personalidade . TP Galicia (<https://www.tpgalicia.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese en Santiago de Compostela, A Coruña, Culleredo, Bergondo e Vigo.

Persoas destinatarias

Está dirixido exclusivamente a persoas adultas, mulleres e homes, que teñan un diagnóstico previo de (TP) trastorno de personalidade. Tamén a poboación adolescente a partir dos 18 anos se ten diagnóstico psiquiátrico previo. Cos medios dispoñibles, poderán ser atendidos 110 beneficiarios no 2023.

Obxectivos

Xeral:

Proporcionar asistencia psicosocial a persoas que sofren un trastorno da personalidade e ás súas familias e achegados, mediante actividades de formación, información e apoio, para facilitar a melloría psicolóxica dos afectados, así como a calidade de vida do grupo familiar, que se prexudicada polas dificultades xeradas por estes trastornos.

Específicos:

Axudar a persoas que sofren trastornos de personalidade proporcionándolles información, asesoramento e apoio psicolóxico continuado, para unha maior comprensión e aceptación das súas dificultades e conseguir con iso unha estabilidade duradeira.

Axudar a familiares e achegados de persoas que sofren trastorno de personalidade proporcionándolles información, asesoramento e apoio psicolóxico continuado.

Metodoloxía

Persoas con trastorno de personalidade:

Apoio psicolóxico en sesións de atención presencial, videoconferencia ou telefónica en casos urxentes. É un apoio específico mediante asesoramento, orientación e seguimento do caso coa finalidade de mellorar substancialmente a súa calidade de vida.

Esta abordaxe individual permite ofrecer soporte social adicional e favorecer a aprendizaxe de relacións interpersoais, fomentando a potenciación de mecanismos de adaptación, atención á contorna familiar e autonomía persoal. Tamén se realiza asistencia en grupo.

Familiares de persoas con trastorno de personalidade:

Levarase a cabo unha intervención psicoeducativa cun apoio específico de asesoramento, orientación e seguimento do caso, co fin de dotar de estratexias e recursos que permitan ás familias comprender moitas das dificultades dos afectados e comezar a aplicar pautas que lles axuden a manter a estabilidade necesaria no contexto familiar.